


**FAGAMOS**  
Asociación de Familias  
Monomarentais  
de Galicia


# MEMORIA ANUAL ACTIVIDADES

*#moitoquefacer*



**2022**

# Índice




<b>01</b>	Introdución	2
	Saúdo da presidenta	3
	Presentación	4
	Os nosos fins	5
	Quén somos	6
<b>02</b>	Actuacións desenvoltas	8
	Atención e apoio ás familias	9
	I Xuntanza Familias Galegas Monomarentais	11
<b>03</b>	Traballo en rede	12
	FAMS e REEFM	13
	Outras entidades sociais	17
	Institucións	18
<b>04</b>	Sensibilización e difusión	19
	Incidencia social	20
	Comunicación	23
<b>05</b>	Financiamento e apoios	26



01

# Introducción



Memoria de actividad FAGAMOS 2022

# Saúdo da presidenta

Inmaculada Alonso Rodríguez

Iniciamos o camiño para que toda a sociedade coñeza ás familias monomarentais galegas e a súa realidade. Queda moito que facer.

Cando naceu na miña mente, hai case dez anos, a inquietude por formar en Galicia unha rede de apoio para as familias monomarentais, nunca imaxinei que este proxecto vería a luz xusto nun momento no que ía ser tan necesario lembrar a toda a sociedade que estamos aquí, que existimos, que, como ás meigas, non se nos ve, pero habelas, hainas.

O ano 2022 foi o ano da presentación pública de FAGAMOS. E tamén o ano no que á crise sociosanitaria e económica causada pola COVID, se lle sumou o aumento da inflación que trouxo a guerra de Ucraína e que levou a que o 54,3% das familias monomarentais en España se atopara en risco de pobreza e exclusión social.


Xunto coas outras entidades da Rede Estatal de Familias Monomarentais, berramos alto para visibilizar a nosa situación, e reivindicamos ao goberno central que o anteproxecto da Lei de Familias recolla unha definición inclusiva do noso modelo familiar, con perspectiva de xénero e con enfoque de dereitos, e medidas de apoio para atender as necesidades máis urxentes.

En Galicia, iniciamos o camiño para que todo o tecido social coñeza a FAGAMOS: cidadáns, administración, entidades públicas e privadas, medios de comunicación, etc. Para que todos os galegos e galegas saibamos que aquí, coma no resto do estado, monomarentais habelas, hainas. E que agora xa temos un punto de encontro, sexa cal sexa a orixe da nosa familia. Onde coñecemos, onde apoiarnos, onde organizarnos, e dende onde decirvos que na nosa terra tamén queda moito que facer polas familias monomarentais. E que soas non podemos avanzar, o que facer do día a día ben nos chega ás nais e pais que criamos sen outra persoa proxenitora ao lado.

Por iso necesitamos tamén de ti, de vós, da corresponsabilidade de toda a sociedade, para poder garantir as oportunidades, o benestar e os dereitos dos nosos nenos e nenas.

Queda moito que facer nos vindeiros anos.

FAGAMOS!



Inmaculada Alonso Rodríguez, fundadora e presidenta de FAGAMOS

# Presentación

A **Asociación de Familias Monomarentais de Galicia** é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en marzo de 2021. Está inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2021/024679-1ª, e dende xuño de 2022 no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) co número E-7449

A nosa actividade está dirixida a **apoiar e representar** ás familias galegas nas que a responsabilidade da crianza recae íntegramente nunha soa persoa. Ademais, traballamos en **reivindicar equidade e visibilidade** para o noso modelo de familia, ante a sociedade e ante as institucións, e transformalas.

Acollemos a **todo tipo de familias monoparentais** sexa cal sexa a súa orixe, e dicir, tanto se están conformadas así por decisión propia coma se as circunstancias que as levaron á situación de monoparentalidade foron distintas, e con idependencia do xénero da persoa proxenitora.


Decidimos empregar o termo **monomarental** para o nome da asociación nos nosos documentos e comunicacións. En feminino porque, cuestións semánticas aparte, consideramos éste un xeito de dar visibilidade a que o noso modelo de familia está sostido maioritariamente por mulleres.

O acrónimo **FAGAMOS**, ademais de corresponder ás siglas de Familias Galegas Monomarentais, é toda unha declaración de intencións. Queremos **facermos cousas** para mellorar a calidade de vida dun modelo de familia que non deixa de medrar día a día e que non contaba cun espazo propio de asociacionismo a nivel autonómico en Galicia. Pero sobre todo, queremos ser a voz que represente a todas estas nais e a os seus fillos e fillas ante quen realmente teñen a capacidade de dar pulo aos cambios que precisamos.

Porque cremos firmemente que só dende a colaboración, a corresponsabilidade e a implicación de toda a sociedade poden desaparecer a falta de equidade e de recoñecemento de dereitos para as nosas familias, así como as situacións de exclusión, vulnerabilidade, precariedade e pobreza que atravesan moitas familias monoparentais.




# Os nosos fins



Todos e todas temos algo que facer: asociacións, políticos, administración, institucións, cidadáns, comunidade educativa, etc. Así que ¡FAGAMOS!

# Quen somos



## Persoas asociadas

Durante o ano 2022 danse de alta como asociadas 20 persoas, todas elas mulleres, e prodúcese a baixa de 1 socia. A 31/12/2022 somos un total de **35 persoas asociadas** (33 mulleres e 2 homes).



## Distribución xeográfica

As persoas asociadas proceden de 23 localidades distintas:

### A Coruña: 22 socias (63%)

Ames, Arteixo, Boiro, Carballo, A Coruña, Culleredo, Negreira, Noia, Ordes, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son e Santiago de Compostela

### Lugo: 3 socias (8.5%)

Todas de Lugo capital

### Ourense: 3 socias (8,5%)

Ourense, O Barco de Valdeorras, O Pereiro de Aguiar

### Pontevedra: 7 socias (20%)

A Estrada, Nigrán, Ponte Caldelas, Pontearreas, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía de Arousa



## Perfil

A media de idade das socias é de **43 anos**.

94% son familia monomarental

3 % non son familia monoparental nin monomarental

3% queren formar unha familia monomarental

# Quen somos



Con data 17/02/22 recíbese a renuncia ao cargo de Eva M<sup>a</sup> Piñeiro Nunes como vicepresidenta, que desempeñou dende o 19/03/2021. Posteriormente, apróbase a incorporación de Cristina Voces Neira e Cayetana Marin ao órgano de goberno, cos cargos de secretaria e vogal respectivamente, e María López Dans muda de secretaria a vicepresidenta.

Na Asemblea Xeral Ordinaria do 21/04/2022 aprobouse a modificación da Xunta Directiva

## Nova composición da Xunta Directiva

Presidenta: M<sup>a</sup> Inmaculada Alonso Rodríguez

Vicepresidenta: María López Dans

Tesoureira: M<sup>a</sup> Eudosa Osorio López

Secretaria: Cayetana Marin Couceiro

Vogal: Estela Segade Saavedra

Vogal: Cristina Voces Neira



Empezando pola esquerda: Estela Segade, Mari Osorio, Inma Alonso, Cristina Voces, María López e Cayetana Marín

## Persoal contratado



Durante o 2022 (ata finalización de contrato o 07/10/22) tivemos empregadas a media xornada a dúas técnicas (unha informática e outra administrativa), a través da subvención da Consellería de Emprego e Igualdade para o fomento da contratación de mulleres que sufren violencia de xénero, concedida en agosto de 2021.





02

# Actuaciones desevoltas



Memoria de actividad FAGAMOS 2022


# Atención e apoio ás familias



## Consultas directas

No 2022 atendéronse 67 consultas directas de familias monomarentais, que chegaron a través das distintas canles (buzón de correo [info@fagamos.com](mailto:info@fagamos.com), formulario contacto da web, chamadas e whatsapp ao móbil de FAGAMOS e mensaxes nas redes sociais).

## Tipo de consultas atendidas :



# Atención e apoio ás familias

Máis alá de dar resposta á dúbidas xerais, FAGAMOS ven de realizar unha labor de apoio e intervención directa sobre as necesidades concretas de persoas socias e non socias

## Asesoramento sobre ampliación permisos por nacemento

Orientación sobre cómo iniciar o proceso de reclamación de prestacións á Seguridade Social e a posterior demanda xudicial, con derivación se así o desexan, a avogadas coas que FAGAMOS ten asinado convenio de colaboración para recibir asesoramento especializado.

## Intermediación coa administración

En casos concretos de xestións enquistadas debido a incidencias, mala praxis da administración, situacións de indefensión ante a falta de equidade ou regulación, etc.

## Apoio na realización de trámites administrativos

Explicando e acompañando on line ás usuarias a facer:

- solicitude de certificado monoparental
- inscrición negativa no rexistro de parellas de feito
- obtención do certificado dixital/chave 365, etc.
- escritos e declaracións xuradas
- solicitudes de axudas
- emprego de sedes electrónicas (Xunta, concellos, Seguridade Social, Axencia Tributaria...)

## Dinamización do grupo de whatsapp de asociadas

Como espazo de encontro e desafogo no que facer tribu, Intercambiar inquedanzas, plantexar dúbidas, compartir experiencias e facer chegar información e noticias de interés para as asociadas.

# I Xuntanza FAGAMOS



Co gallo do primeiro aniversario da Asociación celebramos a I Xuntanza de Familias Galegas Monomarentais no Monte do Gozo en Santiago de Compostela



*"Unha chea de familias, diversas, fermosas, nenas e nenos ledos que o pasaron xenial xogando e coñecéndose, nais que nos pisabamos unhas as outras a palabra coas ansias de falar e contar, proxectos, ideas, dúbidas, apoios... Non hai mellor compensación ao traballo dun ano, que pasar unha tarde de xuntanza coma a de onte disfrutando dunha compañía inigualable. Grazas a todas por vir, e a todas as que non poidéchedes, por estar igualmente ao noso lado todo este tempo "*

*(Post do 21/03/2022 nas redes sociais FAGAMOS)*



## Trabajo en rede




Memoria de actividad FAGAMOS 2022

Imaxe do picnic reivindicativo organizado por MSPE en Madrid

# FAMS e a REEFM

Na Asemblea Xeral Ordinaria do 21/04/22 apróbase a integración de FAGAMOS na Federación de Asociacións de Madres Solteras (FAMS)



Xa antes da nosa integración na federación, en FAGAMOS viñamos colaborando, dende os nosos comezos, coa REEFM (Rede Estatal de Entidades de Familias Monomarentais), unha rede de FAMS conformada por 23 entidades de 12 comunidades autónomas. A REEFM ten como obxectivo traballar de forma conxunta reivindicacións e accións que establezan condicións favorables na calidade de vida das nosas familias.



Imaxe dunha eunión virtual con outras entidades da REEFM

Durante o 2022 celebramos reunións de traballo periódicas coas entidades da rede (23 marzo, 4 maio, 13 xuño, 28 setembro, 19 de novembro e 14 de decembro), nas que se traballou fundamentalmente sobre dúas liñas de actuación:

- accións para reivindicar as necesidades das familias monomarentais como consecuencia das sucesivas crises, da pandemia por COVID e da guerra de Ucraína, e o seu efecto na inflación e no aumento do risco de pobreza e exclusión social para as nosas familias (índice do 54% segundo o indicador AROPE). Incidencia na **necesidade de aprobar un paquete de medidas urxentes** para atender á situación das nosas familias.
- coordinar un marco de reclamacións, propostas e accións a desenvolver no relativo ao desenvolvemento da Lei de Familias, dado o retraso da súa aprobación.



FAGAMOS sumouse as campañas reivindicativas organizadas pola REEFM, participando activamente na súa preparación e na súa difusión

A distancia física non foi impedimento para que FAGAMOS fixera súas tódalas accións promovidas pola rede, alentándoas de xeito virtual a través das redes sociais e achegando o seu contido ás asociadas e á sociedade galega en xeral

## 01 Campaña 15 Maio. Día Internacional das Familias

FAGAMOS colaborou na acción reivindicativa do 15 de Maio, que xirou en torno á necesidade dun paquete de medidas urxentes para as nosas familias.

Fíxose difusión con publicacións en redes sociais, empregando os hastaghs

**#FamiliasQueCuentan.**

**#MiPequeñaSuperFamilia**

**#MedidasUrgentesYa**

**#moitoquefacer**

Difundiuse tamén a nota de prensa que baixo o lema de **Medidas Urgentes ¡YA!**, FAMS fixo chegar aos medios de comunicación para reclamar ao goberno central un Real Decreto de Medidas Urgentes que protexa ás nosas familias do trato discriminatorio que estamos a sufrir.

Elaboramos tamén un video baseado no conto "Mi pequeña Super Familia" e un cartel que recollía esas medidas solicitadas para as nosas familias, co fin de visibilizalas, que se expuxo no acto celebrado ese día por FAGAMOS.

## 02 Campaña "Suspenso en Monoparentalidad"

Desenvolveuse dende final de xuño e ata setembro (data prevista para que o borrador da Lei de Familias pasara ao Congreso dos Diputados), para facer presión nos medios de comunicación e nas redes sociais, visibilizando as nosas reivindicacións ante o retraso da aprobación da Lei. FAGAMOS asinou e contribuíu na difusión do **Manifiesto das Familias Monoparentais** dirixido á clase política que as entidades con sede en Madrid leron diante do Congreso de los Diputados o 19 de setembro.

## 03 Campaña "La Infancia Asunto de Todos"

O xoves 29/09/22 unha representación das entidades que formamos a REEFM fixeron un acto reivindicativo de lectura do Manifesto "La Infancia Asunto de Todos" ante o Congreso dos Diputados e entregaron as sinaturas de tres campañas presentadas a change.org pola asociación Madres Solteras por Elección (MSPE), que urxían a modificar as normas que nos discriminan e a incluír a nosa realidade nos Presupuestos Generales del Estado.

Buscouse transmitir a contribución social que facemos as familias monoparentais e a necesidade de que os nosos fillos e fillas teñan as mesmas oportunidades que os de outros modelos de familias. FAGAMOS participou na difusión da campaña en redes sociais, creando contidos propios, ademais de asinar como entidade en change.org.



Deseños feitos por FAGAMOS para a campaña #LaInfanciaAsuntoDeTodos, con imaxes reais dos nenos e nenas monoparentais galegos.

## 05 Campaña "Presidente Vente"

En outubro a campaña #PresidenteVente! As familias monoparentais invítante a pasar un día na súa casa, buscou incidir nas dificultades económicas que afectan a moitas familias monoparentais e na apremiante necesidade de que se aproben medidas urxentes para paliar esa situación. FAGAMOS participou na súa difusión en redes sociais.





# Outras entidades sociais

Estes foron algún dos pasos que demos encamiñados a conformar unha rede cooperativa de entidades que desenvolvan proxectos e/ou accións afíns aos obxectivos de FAGAMOS.

## Asociación Salud y Familia

Asínase un acordo de colaboración para desenvolver o proxecto **Garantía Mujer: Prevención equitativa de la violencia de género**, coordinado pola Asociación Salud y Familia (Barcelona), a desenvolver en sete comunidades autónomas. FAGAMOS comprométese a axudar no seu deseño e a prestar apoio técnico e lóxico activo en todas as accións a executar en Galicia. O proxecto conta cunha resolución provisional positiva procedente da convocatoria do IRPF estatal 2022/Execución 2023 do Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030

## Acougo

O 15/05/22 participamos no 1º encontro do Día Internacional da Familia en Bertamirás (Ames, A Coruña), organizado por ACOUGO e no que tamén participan Arelas-Asociación de menores trans e o ANPA do CEP Ventín.

## Educo

O 13/10/22 Estela Segade, educadora infantil, cofundadora e vogal de FAGAMOS, participa falando da crianza en solitario nun Webinar Educare organizado por Educo

<b>Webinar EduCare</b>
<b>¿36 meses de calidad? Cómo mejorar la educación de las niñas y niños de 0 a 3 años</b>
<b>13 de octubre de 2022. De 16:30 a 18:30</b>
<b>Apertura:</b> M <sup>o</sup> Purificación Ujaquet, subdirectora de Cooperación Territorial e innovación Educativa del MEFP
<b>La crianza en solitario:</b> Estela Segade, cofundadora y vocal de FAGAMOS y Carmen Flores, presidenta de FAMS
<b>Mesa redonda ¿36 meses de calidad?</b> Fabricio Busí, director de Consultoría y Estudios de la Fundación Para Tarrés David Palomera, doctorando en el Instituto de Gobierno y Políticas Públicas de la UAB Cristina Castellanos Seriano, profesora contratada doctora en Economía Aplicada de la UNED
<b>Preguntas y debate</b>
<b>Cierre institucional:</b> Guilomar Todó, directora general adjunta de Educo
<b>Modera:</b> Dori Rodríguez, especialista en Educación e incidencia de Educo



# Institucións

FAGAMOS colaborou en diferentes propostas achegadas dende distintos eidos, sempre dispostas a aportar a mirada das familias monoparentais galegas.

## Lei de Cultura inclusiva e accesible de Galicia




Convidadas pola Consellería de Cultura, asistimos á xuntanza de traballo e á sesión informativa nas que se abordou anteprojecto da Lei de Cultura inclusiva e accesible de Galicia.



Imaxe da reunión informativa na Cidade da Cultura en Compostela

Pedimos medidas encamiñadas a minimizar a fenda de acceso que temos as familias monomarentais á cultura, debido fundamentalmente á precariedade económica, ás dificultades para a conciliación e a escaseza de tempo para poder desfrutar de tempos de lecer. Reclamamos equidade respecto a outros modelos de familia de especial consideración nos descontos e bonificacións aplicados aos prezos das actividades culturais.



## Xornadas de fecundidade

A Facultade de Socioloxía da Universidade de A Coruña abordou a problemática da baixa fecundidade e quixeron coñecer de primeira man a mirada das familias monomarentais galegas.

A nosa vicepresidenta, María López Dans participou como relatora, para explicar ás mozas e mozos estudantes de socioloxía a nosa realidade e problemáticas e a nosa aportación ao pulo demográfico.

Foi unha enriquecedora experiencia, na que as universitarias e universitarios participaron activamente e abriron un apaixonante debate sobre as cuestións que máis lles sorprenderon.

**I XORNADAS DEMOGRÁFICAS**  
A BAIXA FECUNDIDADE, É REALMENTE UN PROBLEMA?  
Facultade de Socioloxía Aula Magna


Relatora	Temática	Data e Hora
MARÍA LÓPEZ DANS VICEPRESIDENTA DE FAGAMOS, ASOCIACIÓN DE FAMILIAS MONOPARENTAIS DE GALICIA	DE LA EXPECTATIVA A LA REALIDAD: EL DESENCUENTRO CON EL ABRUPTO CAMINO HACIA LA NORMALIZACIÓN DE LA FAMILIA MONOPARENTAL	7 de noviembre 13:30- 15:00
CRISTINA GARCÍA CASALS CATEDRÁTICA EN GINECOLOGÍA Y OBSTETRICIA DEL COMPLEJO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE A CORUÑA	EDAD BIOLÓGICA /VS/ EDAD SOCIAL · UNA APROXIMACIÓN AL FENÓMENO DE LA FECUNDIDAD DESDE LA PERSPECTIVA MÉDICA	14 de noviembre 13:30- 15:00
RAFAEL GRANDE PROFESOR TITULAR DE SOCIOLOGÍA FACULTAD DE ESTUDIOS SOCIALES Y DEL PRIMADO UNIVERSIDAD DE MÁLAGA	UNA MIRADA A LOS FACTORES CAUSALES DE LA MUY BAJA FECUNDIDAD EN ESPAÑA A TRAVÉS DE LAS GENERACIONES Y LAS TRANSICIONES VITALES	21 de noviembre 13:30- 15:00

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Cartel das xornadas na Facultade de Socioloxía da UDC



## Sensibilización e difusión



Entidade sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia - 2021/024679-1\*



# FAGAMOS

Asociación de Familias  
Monomarentais  
de Galicia

**ANIMATE A  
COÑECERNOS!**

FAGAMOS É UHNA ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO  
ABERTA A TODO TIPO DE FAMILIAS MONOPARENTAIS  
UNIDAS NA **BÚSQUEDA DO RECOÑECIMENTO DO NOSO**  
SISTEMA FAMILIAR E DUN TRATO CON EQUITADE.

# Incidencia social



## Acto de presentación de FAGAMOS

O 29 de xullo de 2022 presentouse oficialmente a Fagamos en sociedade, nun acto celebrado na Casa das Mulleres Xohana Torres en Compostela ante representantes de distintas entidades do eido social, medios de comunicación e público en xeral.

A xefa de servizo da Área de Acción Social do Concello de Santiago de Compostela, Teresa Furelos, inaugurou a xornada en nome da Concelleira de Igualdade, Mercedes Rosón, que non puido asistir por motivos de saúde.

Celebrouse unha mesa redonda na que se falou da situación e dos retos para a protección das familias monoparentais galegas e contou coa presenza de Xosé Cuns, director de EAPN-Galicia e Carmen Flores, presidenta de Federación de Asociaciones de Madres Solteras.

Asistiron tamén a Secretaria Xeral de Igualdade, Susana López Abella e Jacobo Rey Sastre, Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Xeográfica da Xunta de Galicia, que faláron dos avances nos dereitos das familias monoparentais galegas.



# Incidencia social

Algunhas das accións de sensibilización e difusión realizadas durante o ano 2022 foron:



## II Festa do libro e da cultura Santiago de Compostela

Unha xornada na que saímos á rúa para darnos a coñecer entre a cidadanía, e informar sobre os recursos dispoñibles en Fagamos para dar apoio ás monoparentais galegas.



## Mercado das Pulgas A Estrada

Participamos cun posto de artigos infantís de segunda man doados polas asociadas, para recaudar fondos para a entidade e informar as persoas visitantes sobre a actividade da asociación.



## 1º Encontro Día Internacional da Familia Bertamiráns (Ames)

En colaboración con Acougo, Arelas e o ANPA do CEP Ventín, para visibilizar a diversidade familiar a través de mesas informativas e xogos e actividades con crianzas e maiores.



## Distribución materiais informativos e divulgativos

Fixemos labor de sensibilización a través da distribución de materiais informativos, de deseño propio e tamén o facilitado pola Federación de Asociación de Madres Solteras, dirixido tanto ás familias monoparentais como á sociedade en xeral.

# Comunicación

## PRESEZA EN MEDIOS



Noticia no periódico dixital Galicia Confidencial



Nas instalacións de Radio Estrada



Participación no Programa A Revista da RTVG

15/03/22. **SER Galicia. Hoy por hoy Santiago.** Entrevista con motivo da I Xuntanza FAGAMOS en Compostela.

02/06/22. **A Revista TVG,** maternidade en solitario a partir de los 40, con María Graña Barcia da Clínica de Reproducción Asistida Zygos.

23/06/22. **Salta da cama. Radio Estrada 107.7,** falamos de FAGAMOS.

29/06/22. **Galicia Confidencial.** Máis do 10% das familias galegas son xa monoparentais.

29/06/22. **Xunta de Galicia/Consellería de Emprego e Igualdade.** A Xunta apoia ás familias monoparentais.

29/06/22. **Europapress.** Crean unha asociación de familias monomarentais.

29/06/22. **CRTVG/G24.gal.** Máis do 10 por cento das familias galegas son monoparentais.

29/06/22. **COPE.** A Xunta apoia ás familias monoparentais.

29/06/22. **Galicia Press.** Nace a asociación FAGAMOS.

29/06/22. **La Voz de Galicia.** Nace la Asociación de Familias Monomarentales de Galicia.

29/06/22. **El Español.com/Quincemil.** Creada en Santiago una asociación de familias monomarentales.

01/07/22. **Galicia por diante. Radio Galega.** Entrevista a Inmaculada Alonso, presidenta de FAGAMOS.

07/07/22. **Galicia Press.** Fagamos, la asociación gallega que atiende a padres y madres monomarentales.

09/07/22. **Galicia Confidencial.** Las ayudas a las familias monomarentales no pueden ser caridad.

25/10/22. **Cadena SER Galicia.**

10/07/22. **Radio Galega CRTVG.** Galicia por diante fin de semana.

29/06/22. **Matinal Bos Días CRTVG.** Entrevista con motivo da presentación de FAGAMOS.

25/12/22. **La Voz de Galicia.** Permisos 32 semanas retribuidos.

26/12/22. **Faro de Vigo.** Apoio para acadar permisos 32 semanas.

26/12/22. **La Opinión A Coruña.** Apoio para acadar permisos 32 semanas.

26/12/22. **El Correo Gallego.** As familias monomarentais galegas reclaman respaldo legal axeitado.

# Comunicación

## IDENTIDADE CORPORATIVA

Todos os elementos da identidade visual e imaxe de marca de FAGAMOS son deseños propios feitos polas compoñentes do equipo directivo (logo, cartelería, contidos redes sociais, deseño web, etc.) nos que se traballou de xeito continuado ao longo do ano.



Flyers informativos FAGAMOS

## WEB

A web de FAGAMOS lanzouse o 19/03/2022. Dende esta data ata final de ano recibiu un total de 8.642 visitas (sesións), cun promedio de 672 visitantes únicos ao mes.

Estatísticas www.fagamos.com 2022										
	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
<b>VISITANTES</b>										
Visitantes únicos	507	390	730	1283	656	469	712	652	604	713
Visitas (sesións)	722	497	1152	1613	781	570	915	800	738	854
<b>POR ORIXE</b>										
Directas	1413	1173	1931	2411	1726	1835	1859	1268	1192	1425
Buscadores	23	47	279	1056	334	247	425	424	355	542
Redes Sociais	346	228	61	158	215	56	109	64	70	56
Outros	81	246	170	90	55	43	125	243	152	319
<b>Total Mensual</b>	<b>1863</b>	<b>1694</b>	<b>2441</b>	<b>3715</b>	<b>2330</b>	<b>2181</b>	<b>2518</b>	<b>1999</b>	<b>1769</b>	<b>2342</b>




## REDES SOCIAIS

### Alcance


Alcance de la página de Facebook ⓘ

10 669 ↓ 37,4%



Alcance de Instagram ⓘ


1446 ↑ 40,7%



Seguidores de la página de Facebook ⓘ

793


Edad y sexo ⓘ



Seguidores de Instagram ⓘ

708

Edad y sexo ⓘ



### LINKEDIN

A conta de LinkedIn creouse o 04/05/2022. Dende a súa apertura ata 31/12/2022:

- 111 seguidores
- 258 visualizacións da páxina
- 103 visitantes únicos
- 7 clics no botón personalizado

### TWITTER

Conta creada en setembro de 2022. 102 seguidores a 31/12/2022



05

# Financiamento e apoios




# Financiamento e apoios

No primeiro exercicio completo de actividade dende a creación de FAGAMOS, os fondos propios da asociación limitanse ás aportacións realizadas polas persoas asociadas co aboamento das súas correspondentes cotas anuais.

Neste ano empregáronse gran parte dos fondos recibidos en 2021 da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia pola subvención destiñada ao fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro, de mulleres que sofren violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. O importe concedido en 2021 foron 25.806 €, dos que 21.114 € serviron para o aboamento das nóminas das traballadoras no 2022.

Aínda non houbo tempo para deseñar un plan estratéxico no que se inclúan as accións dirixidas a acadar vías de financiamento, propias e/ou externas, pero si se deron os primeiros pasos na creación de redes que nos permitan construír apoios e sentar as bases de posibles colaboracións a futuro.



O noso agradecemento pola colaboración prestada para o desenvolvemento das actividades realizadas neste ano a:





**FAGAMOS**

Asociación de Familias  
Monomarentais  
de Galicia

## Contacto

Asociación de Familias Monomarentais de Galicia  
FAGAMOS

[www.fagamos.com](http://www.fagamos.com)

[info@fagamos.com](mailto:info@fagamos.com)

(+34) 633 817 849